

O PXOM DE VIGO

e o

informe

A U K E N

SABÍAS QUE....?



esquerda unida
izquierda unida



O 26 de marzo o Parlamento europeo aprobou definitivamente un demoledor documento contra o urbanismo salvaxe en España, que fora previamente remitido polo Comité de Peticións o 11 de febreiro tras sesión histórica no que se acurralou ao PP e PSOE español, aliados contra este informe, rexeitáronse as emendas presentadas por estes contra o informe.

O informe, chamado Auken pola deputada que coordinou os traballos, ven de realizarse esplicitamente sobre o estado español por que é o país que máis queixas se recibiron de país algún no Comité de Peticións: sobre todo por abusos cidadáns e ambientais asociados ao urbanismo salvaxe en España. En total recibíronse máis de 20.000 queixas sobre 186 temas diferentes relacionados co urbanismo en distintos puntos do territorio.

Entre elas as relacionadas co Plan Xeral de Vigo e a súa aprobación presentadas no seu día por ESQUERDA UNIDA de Vigo.

O PP e PSOE uníronse contra o informe Auken no seu desesperado e desprezable intento de seguir apostando pola especulación e o urbanismo salvaxe, pechándose en banda a recoñecer o problema de fondo de España, e apostando por agrandar o buraco no que nos meteron, no canto de sacarnos del cun cambio radical de modelo económico, que en ningún caso estase pondo en marcha. O texto definitivo denuncia que "España sufriu unha destrución masiva na última década, xa que o cemento e o formigón saturaron esas rexións...o que constitúe unha perda trágica e irreparable da súa identidade e legado culturais, así como da súa integridade ambiental, e todo iso principalmente pola avaricia e a conduta especulativa dalgúns autoridades locais e membros do sector da construción que conseguiron sacar beneficios masivos destas actividades, " que "todas as administracións, central, autonómicas e locais foron responsables de pór en marcha un modelo de desenvolvemento insostible" e que certa laxitud nos procesos xudiciais, non só complicou o problema, senón que tamén xerou unha forma endémica de corrupción".

Denuncia "a falta de actuación e parcialidad da xustiza española" e que "hai moitos casos de terreos protexidos, ou terreos que deberían protexerse en vista da súa vulnerable biodiversidade, que se desclasifican e reclasifican, ou non se clasifican en absoluto, precisamente para permitir a urbanización da zona en cuestión"

Denuncia que "as irracionais e codiciosas suposicións dos promotores inmobiliarios e urbanizadores, dan agora paso a unha terrible recesión no país" que "miles de asalariados do sector da construción que agora se enfrontan ao desemprego por culpa das políticas urbanísticas insostibles que se seguiron ", que "este modelo de crecemento ten consecuencias negativas tamén sobre o sector turístico" e que se trata dun modelo expoliador dos bens culturais".

Esixe que "as autoridades rexionais competentes deben suspender e revisar todos os plans urbanísticos novos que non respectan os criterios rigorosos de sustentabilidade ambiental e responsabilidade social" e que "deterían e anulen todos os desenvolvementos urbanísticos en curso que non respectaron ou aplicado os criterios establecidos polo Dereito comunitario". Afirmo que "Os novos proxectos urbanísticos que non observen a sustentabilidade ambiental, a responsabilidade social e os dereitos dos propietarios lexítimos deberían suspenderse e revisarse".

Esixe ao estado español e a Autonomías "que se derroguen todas as figuras legais que favorecen a especulación, talles como o axente urbanizador" que "leven a cabo unha profunda revisión de toda a lexislación... con obxecto de pór fin aos abusos dos dereitos", que "desenvolvan unha cultura da transparencia... impulsar mecanismos de información e participación cidadá efectivos" e "que establezan mecanismos xudiciais e administrativos operativos" e á súa vez "Insta ao Goberno español a realizar un debate público"

Denuncia que "hai moitos casos nos que urbanización masiva incorporou elementos do financiamento europeo" e insta á Comisión Europea a "interromper a provisión de fondos estruturais, e ... suspender devandita dotación a un Estado membro" e a "colocar en reserva os fondos destinados a políticas de cohesión".

Á súa vez afirma que "os promotores que celebraron contratos de cuxa ilegalidade deberían ter coñecemento non deben ter dereito a compensación". Nese sentido denuncia o dobre raseiro da aplicación da Lei de Costas, que se aplica despidadamente contra cidadáns indefensos pero non contra promotores. O Informe esixe que se aplique con contundencia contra os promotores de grandes desenvolvementos que incumpren a norma e con cautela no caso de cidadáns indefensos.

infórmate en: www.euvigo.wordpress.com
ou envíanos un email a: eu-vigo@esquerdaunida.org